

A QUEN VAI DIRIXIDA?

Trátase dunha materia troncal de opción dirixida ao alumnado de **4º ESO** que cursen o itinerario de **ensinanzas aplicadas**. Presenta un marcado carácter práctico, concibindo a aula como un obradoiro onde se integren as tecnoloxías da información para axudar ao alumnado a avanzar na sociedade do coñecemento.

Búscase un obxectivo global de desenvolver unhas habilidades que axuden ao alumnado a levar a cabo calquera proxecto vital así como achegar a realidade do mundo laboral, empresarial e do asociacionismo en xeral.

Parte do principio de “aprender facendo”, experimentando e familiarizando ao alumnado cos aspectos máis prácticos da realidade coa que entrará en contacto directo nun futuro próximo.



INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL

TO
IAEE

CUARTO ESO



O espírito emprendedor abrangue valores persoais como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe contidos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; persegue que poidan responsabilizarse do seu propio camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

OBXECTIVOS:

- Comprender o concepto de empresa e de persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador do cambio social, de desenvolvemento económico e de innovación.
- Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social.
- Desenvolver o espírito emprendedor a través do fomento da autonomía, a autoestima, a creatividade e a innovación; así como o desenvolvemento de habilidades sociais e de dirección.
- Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.
- Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción socio-laboral.
- Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
- Desenvolver habilidades de comunicación, e desenvolver as actitudes que posibiliten integrar os coñecementos adquiridos na realidade do proxecto empresarial que sintetiza o aprendido durante todo o curso.

COMO SE DESENVOLVE A MATERIA?

Os **contidos** da materia distribúense en tres bloques temáticos:

- **Bloque 1: Autonomía persoal, liderado e innovación.**
- **Bloque 2: Proxecto de empresa.**
- **Bloque 3: Finanzas**



A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.